



Por unhas pensións públicas dignas e garantidas

Seguimos loitando!

Durante os últimos anos, ante a ameaza que as sucesivas reformas de PP e PSOE supoñen ao Sistema Público de Pensións, miles de persoas vímonos mobilizando para exixir unhas pensións públicas, dignas e que estean garantidas.

**As pensións galegas son
as segundas máis baixas do
estado**

**A suba das pensións que
recollen os orzamentos apro-
bados en xullo supón unha
media de 20 euros ao mes.**

Agora, pretenden dar por cumpridas as nosas reivindicacións a través dunha suba das pensións que, na realidade, non cambia substancialmente a situación, dado que supón unha media dun 2,6% de incremento, co que non se recupera todo o poder adquisitivo perdido por pensionistas desde o ano 2013 en que a reforma do PP eliminou a revalorización das pensións co IPC.

Ademais, as pensionistas galegas que teñen pensións de viuvez, foron as menos beneficiadas por esta suba, xa que só 1 de cada dez viu incrementada a súa pensión. As mulleres que cobran complemento a mínimos por non chegar á contía mínima, viron reducida a cantidade dese complemento na mesma medida en que subía a pensión, polo que na práctica, non se produciu suba para estas pensionistas.

**Segundo os últimos datos
ofrecidos polo IGE en xuño
de 2018, máis da metade das
pensións galegas son inferior-
es a 677,70 euros.**

**1 de cada 10 pensionistas na
Galiza cobra menos de 415,43
euros ao mes.**

Isto agrava a fenda entre as pensións de homes e mulleres, que, segundo os últimos datos ofrecidos polo IGE está a aumentar. A diferenza entre a pensión media dun galego e a dunha galega está xa no 37,1%, e se falamos dos grupos de idade de entre 55 e 74 anos, sobe a máis do 42%.

Mobilización 27 de setembro
Santiago: ás 20h, Praza do Toural



**COLECTIVO DE XUBILADOS/AS
E PENSIONISTAS**

Xa é hora de recuperar os nosos dereitos!

Exiximos medidas para un sistema público de pensións forte!

Vímolo dicindo desde hai tempo, unha suba parcial das pensións non soluciona nin garante un Sistema Público de pensións forte nin vai facer que deixemos de mobilizarnos. Só medidas de creación de emprego estábel en condicións dignas e con salarios xustos conseguirán dotar de recursos suficientes o sistema de pensións, o de agora e o de mañá. É necesaria a posta en marcha de políticas que dean prioridade á creación de emprego de calidade e ao incremento dos salarios. E para iso, antes de nada, é absolutamente imprescindible a **derrogación das reformas laborais, da negociación colectiva e das pensións** (tanto a de 2011 como a de 2013).



Desde a CIG defendemos:

- Supresión do Factor de sustentabilidade. A súa aplicación está aprazada ata 2023, mais é necesaria a súa desaparición.
- Fixación por lei da pensión mínima igual ao Salario Mínimo Interprofesional (60% do salario medio) e revalorización anual como mínimo co IPC.
- Xubilación ordinaria aos 65 anos, e voluntaria a partir de ter cotizados 35 anos, reais ou por aplicación dos coeficientes redutores en determinadas profesións.
- Cálculo da base reguladora segundo as bases de cotización, actualizadas á data de reporte da pensión co IPC de todo o tempo transcorrido, dun período de 10 anos elixido pola persoa beneficiaria entre a súa carreira de cotización.
- Suprimir as bonificacións e reducións da cotización empresarial á Seguridade Social en determinados tipos de contratos laborais.
- Eliminar os topes máximos de cotización á Seguridade Social, mantendo uns límites máximos para o importe da pensión.
- O traspaso á administración galega da competencia de xestión do réxime económico da Seguridade Social prevista no Estatuto de Autonomía.

**Na Galiza, emprego,
salarios e pensións
dignas**



**COLECTIVO DE XUBILADOS/AS
E PENSIONISTAS**